

Adaptación: **JOAN DE DÉU PRATS**  
Ilustracións: **DANIEL JIMÉNEZ**  
Interpretación musical: **ELLA FITZGERALD**  
**LOUIS ARMSTRONG**

Encadernado en cartóné.

40 páxinas a toda cor. 24x21 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Porgy and Bess"  
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-8464-669-3

-Portugués: "Porgy and Bess"  
Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-873

Prezo: 20 €

## PORGY & BESS

de **GEORGE GERSHWIN**



**Nun arrabaldo da cidade de Charleston, Porgy, o eivado, loitou por salvar a unha rapaza bonita da mala vida que estaba a levar. Acadou o seu propósito? Deu froito a xenerosidade daquel home? A historia causou gran impresión e aínda hoxe, no profundo sur, naquel arrabalde de Charleston, fálase do grande amor que viviron... Porgy e Bess.**

"Porgy and Bess" é unha ópera composta por George Gershwin con textos da súa irmá Ira Gershwin e de Du Bose Heyward, autor da novela. Trata sobre o estilo de vida afroamericana nunha rúa de Charleston, en Carolina do Sur, a principios da década de 1930.

Malia que inicialmente foi concebida como unha 'opera folclórica' dos Estados Unidos, acabou aceptándose lexitimamente como unha ópera a finais da década dos 70 e na actualidade forma parte do repertorio de ópera estándar.

De "Summertime", a parte máis coñecida desta obra, existen numerosas interpretacións, como a que protagonizan neste libro-disco Ella Fitzgerald e Louis Armstrong. Os críticos valoran desta composición a súa síntese innovadora das técnicas orquestrais europeas co jazz e a música folk estadounidense.

### **GEORGE GERSHWIN**

(Nova Iorque, 1898-California, 1937)

Tralo seu primeiro musical para Broadway acadou o éxito e iniciou a súa carreira como compositor. Seguíronlle títulos como 'Lady be good', 'Oh Kay!' e 'Funny Face', entre outros. A culminación da súa traxectoria chegou en 1935 con 'Porgy and Bess', na que contaba a historia dun home discapacitado que trata de salvar á súa amada da influencia dos delinquentes máis perigosos do barrio. Nesta obra mesturaba a tradición musical estadounidense coa música sinfónica europea. Superadas as reticencias

iniciais, a obra tivo o recoñecemento do público de todo o mundo e hoxe en día está considerada a ópera estadounidense por antonomasia.

### **JOAN DE DEU PRATS** (Barcelona, 1962)

Estudou Xornalismo e adicase plenamente ao oficio de escritor. No eido da narrativa publicou máis de 70 libros infantís e xuvenís. Tamén realizou adaptacións de óperas, contos clásicos e traducións. Colabora con revistas e xornais como Cavall Fort, Tertzavents, Avui, La Vanguardia, El Mundo ou El Periódico de Catalunya. Polo seu traballo recibiu varios galardóns.

### **DANIEL JIMÉNEZ** (Barcelona, 1971)

Participou en varios proxectos de ilustración para revistas, institucións e editoriais. En 1998 recibiu o premio Crítica Serra d'Or de Literatura Infantil. Polas súas ilustracións para "Porgy and Bess" foi seleccionado en 2005 para representar a España na exposición Ilustrisimos, na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Bolonia (Italia).

- **Temática:** libro de ópera para nenos
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos
- **Aspectos destacables:** libreto adaptado, guía de audición e biografía do compositor
- **Aplicacións:** para iniciar aos máis novos no xénero da ópera, e nas súas diversas expresións, como a mestura de jazz e música sinfónica; coñecemento dos instrumentos musicais